

Ponte Almofrei



Descrición

Ponte do século XVI construída en cantería que cruza o río Almofrei. Consta dun só arco lixeiramente apuntado de 7,70 m. de luz e máis de 10 m. de altura sobre o leito do río, que conforma a estrutura principal. Apóiase directamente, sen outros elementos de enlace, sobre dous grandes penedos situados na beira do río e aproveitando a zona máis estreita deste. A pavimentación do paso está composto por un empedrado de lousas, ao xeito tradicional. Posúe peitoril de baixa altura. Por aquí discorre o camiño que unía as pequenas poboacións de Almofrei e Mirón.

Xunto á ponte localízase un muíño de auga coñecido como Muíño da Ponte ou da Maquía. Dende o nacemento do Almofrei nos Altos do Seixo, o río está repleto de antigos muíños de auga. O da ponte é o número 54 e mantén unha tipoloxía única nestas zonas, xa que conta con vivenda na planta superior e se compón de catro rodas de muíños distribuídas en dous pisos.

É de propiedade pública.

Adscrición cultural

Moderna

Tipoloxía

Ponte

LOCALIZACIÓN

Parroquia

Almofrei

Lugar

A Arrotea

Coordenadas UTMT29 ETRS89

X: 537600 Y: 4698202

Coordenadas WGS84

Lonxitude: -8.544401 O

Latitude: 42.433299 N

